

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO
ACTA NUMERO: 2009/10
CARACTER: EXTRAORDINARIA
E URXENTE.
CONVOCATORIA: Primeira.
DATA: 29 DE XULLO DE 2009

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas do día **29 de xullo de 2009** reuniúse o Pleno do Concello en sesión convocado ao efecto con carácter EXTRAORDINARIO E URXENTE baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suarez Barcia e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

Presidente:

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

Concelleiros presentes na sesión:

Polo Grupo do B.N.G.

D. Vicente Castro Reigosa
Dona Mari Luz Alvarez Lastra
D.Horacio Cupeiro Rodriguez

Polo Grupo do P.P.

D. José Carlos Rodríguez Andina.
D.José Duarte Díaz
D. Jesús López Penabad
Dona Begoña Sanjurjo Santar.

Polo Grupo do PSG-PSOE

D.Balbino Pérez Vacas
D. Ramón López Pérez
Dona Maria José Rodríguez Arca

Polo Grupo de U.P.R.I.

D. Francisco Rivas Álvarez
Agustín Reymondez Gancedo.

Secretario :

D. Manuel J.Díaz Sánchez.

Interventora:

Non asiste.

Asiste tamén o funcionario Técnico de Admón. Xeral adscrito á Secretaría Xeral D. José Rodil Veiga.

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do día:

2009/01/47.- PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DA PRESENTE SESIÓN QUE VEN DADA POLA NECESIDADE DE ADOCIÓN DE ACORDO PLENARIO PARA A LICITACIÓN DA OBRA DE MELLORA DOS TRAMOS URBANOS DA REDE DE ESTRADAS DO ESTADO DE TITULARIDADE TRANSFERIDA AO CONCELLO.-

Sen promoverse mais deliberación a Corporación, por unanimidade en votación ordinaria acorda a apreciación da urxencia da sesión a tenor da motivación presentada e da Xunta de Portavoces celebrada e a subseguinte celebración da mesma.

2009/02/48.- LICITACIÓN DA OBRA DE MELLORA DOS TRAMOS URBANOS DA REDE DE ESTRADAS DO ESTADO DE TITULARIDADE TRANSFERIDA AO CONCELLO.-

Por Secretaría dase lectura á proposta de acordo formulada pola Xunta de Portavoces de data 28 de xullo de 2009 que se transcribe de seguido:

“Aberta a reunión por parte do Sr.Rivas Alvarez, do Grupo Municipal de UPRI se pide que a bandeira española que se atopa no salón de Sesións se sitúe no centro para todas as comisións e sesións cumprindo a legalidade vixente (toda vez que a mesma non se atopa situada no lugar que lle corresponde,xa que se atopa situada no centro a bandeira da Comunidade Autónoma entre a Española e a Europea).

Por Secretaría se advirte que estase a incumprir a normativa vixente.

Prosegue a reunión e por parte do Sr.Alcalde se manifesta que agradece a todos os portavoces a súa presenza e comeza a explicación do proxecto téndose repartido copia aos Sres.Concelleiros da proposta da Alcaldía co Prego de Condicións.

O Sr.Alcalde explica que o proxecto foi elaborado polo arquitecto municipal e por parte deste se comeza a explicar aos Sres.Concelleiros as características do proxecto formulándose polos mesmos diferentes preguntas.

Por parte do Sr.Rivas Alvarez do Grupo Municipal de UPRI se pregunta se chegan as obras ata a zona da fábrica da Vilavella contestándose polo arquitecto municipal que non.

Explicase por parte do Sr.Alcalde que se vai utilizar un tipo de plaqueta para as beirarrúas similar á existente nas inmediacións do supermercado Alimerka.

Por parte do Sr.Rodríguez Andina se pide que non se toque o firme dos lugares en que está en bo estado.

Deliberase sobre as características da obra e por parte do Sr.Arquitecto se manifesta que non se meterá nos servicios de electricidade nin telefonía; por parte do Sr.Rodríguez Andina se manifesta que o criterio do seu grupo á vista de determinadas características do proxecto no tramo que vai dende a zona do Voar ata a zona de Vilar é que o servizo sexa para o xeral dos veciños e non para unhos poucos.

Prosegue o Sr.Rodríguez Andina dicindo que o Grupo Municipal Popular o que tén mantido e dixo é que había que dar acceso na zona do Voar a través de pasos elevados que permitan sen ningún risco cruzar hacia as zonas comerciais e iso o que supón é darlles acceso e que é desproporcionada a inversión que se pretende neses puntos en relación co servizo que se presta e que o seu criterio é o do servizo público e pide que o paso elevado non sexa un lombo como na Avda. de Galicia.

Por parte do Sr.Alcalde se fai referencia a que inicialmente non se pensaba na rotonda de LIDL, senon que contactou coa empresa que fixera o paso soterrado das Catedrais xa que pensou en facer un paso soterrado baixo a vía do tren para comunicar dende a zona do Cuartel da G.Civil coa zona comercial e procede a explicar a relación existente coas empresas LIDL , Bricoking e Eroski, e a falta de colaboración obtida por parte de Bricoking e Eroski.

O Sr.Rodríguez Andina lle replica que ten que darse facilidades ás persoas que queiran ir a eses sitios.

O Sr.Rivas Alvarez pola súa parte pide que se faga un tramo que queda pendente para chegar ao Xardín pola mala imaxe que da, significando o Sr.Rivas Alvarez que a imaxe de entrada e saída é o que caracteriza a unha cidade.

O Sr.Moreda Gil, arquitecto, pola súa parte explica que todas esas obras se farán o día de mañá cando se desenvolva ese ámbito.

De seguido por parte de Secretaría e do arquitecto municipal se procede a explicar o apartado do Prego de Condicións relativo ás melloras de conformidade coa proposta contida na proposición da Alcaldía e no expediente, deliberándose sobre o particular. Prosegue a deliberación sobre as obras de melloras e por parte do Sr.Rodríguez Andina se reitera a cuestión de que xunto á rotonda do Voar se estudiara un paso elevado, manifestándose que se estudiou por parte do arquitecto municipal.

Deliberase asimesmo sobre o paso soterrado e sobre a zona do Voar, do paso soterrado nas inmediacións do Cuartel.

Por parte do Sr.Alcalde se fai referencia tamén a unha proposta que lle formularon dunha segunda rotonda na zona de O Parador, pero que suporía demoler a fonte existente e que foi feita co PDT recentemente, polo que non se executará.

Deliberase sobre a inclusión como proposta de melloras da finalización de beirarráus formigonadas na zona de Avda. de América dándoselle 10 puntos sen que definitivamente se concrete no ditame.

O Sr.Rivas Alvarez reitera a súa proposta de que se inclúa dentro das melloras un determinado tramo de beirarrúa na entrada de Ribadeo, que describe sen que se acepte o criterio polos restantes membros da Xunta de Portavoces polo que o Sr.Rivas Alvarez anuncia a súa abstención e que se reserva para a presentación da súa proposta diante do Pleno.

Por Secretaría se lle explica que o procedemento deberá ser análogo ao seguido para as diverxencias respecto aos difames para as Comisións Informativas.

De seguido por catro votos a favor (dos portavoces dos Grupos Municipal do BNG,PP e PSOE, e do Sr.Alcalde) e coa abstención do portavoz do Grupo Municipal de UPRI, Sr.Rivas Alvarez que manifesta reservarse para o Pleno coa súa proposta, acórdase propoñer con valor equivalente a un ditame de Comisión Informativa a proposta de acordo da Alcaldía-Presidencia tal como foi formulada a Xunta de Portavoces e que se transcribe de seguido:

“PROPOSTA DA ALCALDIA DE ACORDO PLENARIO MUNICIPAL

Visto que compre realizar a contratación das obras consistentes en MELLORA DOS TRAMOS URBANOS DA REDE DE ESTRADAS DO ESTADOS DE TITULARIDADE TRANSFERIDA O CONCELLO , debido a sinatura do convenio correspondente co Ministerio de Fomento. Aprobado o Proxecto de Obras correspondente, efectuada a reformulación e existindo a dispoñibilidade dos terreos,por ter sido cedidos ó Concello polo Ministerio de Fomento incorpórase o mesmo a este expediente de contratación.

Visto que dada a característica da obra considérase como procedemento máis adecuado o procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa varios criterios de adxudicación.

Visto que emitíuse informe de Intervención sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente.

Visto que emitíuse Informe por Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir, e visto que de conformidade co mesmo, o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato é o Pleno porque o importe do contrato ascende a 884.456,37 euros mais 141.513,02, de IVE, o que totaliza un presuposto de contrata de 1.025.969,39 euros e polo tanto e supera o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento deste Concello .

De conformidade co establecido no artigo 93 e na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público,

PROPOÑO O PLENO MUNICIPAL:

PRIMEIRO. Iniciar o procedemento de adxudicación do contrato de obras consistentes en mellora dos tramos urbanos da rede de estradas do Estado cuxa titularidade foi transferida ao Concello, aprobando o expediente de contratación mediante procedemento aberto, oferta económica máis vantaxosa, con varios

criterios de adxudicación para a obra epigrafiada convocando a súa licitación.

Visto que con data 19 de xuño de 2008 asinouse un Convenio entre o Ministerio de Fomento e o Concello de Ribadeo para o financiamento do proxecto de obras de Mellora dos tramos urbanos da rede de estradas do Estado no termo municipal de Ribadeo e transferencia de titularidade dos mesmos, polo que se acetou a transferencia de titularidade dos seguintes tramos de estrada:

CN-634 pk. 553,630 ao pk. 555,386, con 1.756 ml.

CN-634 A. Do pk. 554,300 ao pk. 554.700, con 400 ml.

CN-634A Do pk. 561,446 ao pk.561,660 con 236 ml.

CN-642 A, Do pk. 8,237 ao pk. 10,500 con 2.263 ml.

Segundo o referido convenio para a reforma e adecuación da vía obxecto de cesión se comprometeu o Ministerio de Fomento ao financiamento da cantidade de 1.025.969,39 euros para a materialización de dito proxecto transferindo o importe do investimento ao Concello por obra executada e coas anualidades seguintes:

2009: 307.790,82 euros.

2010;718.178,57 euros.

A contratación efectuarase por procedemento aberto oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, propoñéndose melloras polos licitadores respecto ao principal da obra e a executar na mesma.

SEGUNDO. Que se aprobe o correspondente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que ha de rexer o Contrato e o proceso de adxudicación, segundo a proposta da Alcaldía que se achega.

TERCEIRO. Autorizar en contía de 1.025.969,39 euros o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo aos presupostos dos exercicios 2009 e 2010, conforme ao Convenio asinado co Ministerio de Fomento.

CUARTO. Que pola Sra. Interventora municipal se faga a retención de crédito, que acredite que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración deste contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

QUINTO. A publicación no BOP de Lugo e no perfil do contrante do anuncio de licitación, para que durante o prazo de 26 días poidan presentarse as proposicións que se estimen pertinentes.

SEXTO. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados, sen prexuíz de que sexa o Pleno Municipal quen acorde a adxudicación definitiva procedente do contrato.”

Obra igualmente unha proposta de voto particular formulada polo Sr.Rivas Alvarez do Grupo Municipal de UPRI de 29 de xullo de 2009 que se transcribe de seguido:

Voto particular: O ditame da Xunta de Portavoces celebrada no día de onte referente ao Prego para a contratación da mellora dos tramos urbanos da rede de estradas do Estado de titularidade transferida ao Concello, en concreto dentro do epígrafe das: “Melloras en obra, posibles, que poderán ser ofertadas polos licitadores, cunha

avaliación global de 65 puntos, como máximo, segundo a contía económica das mesmas.”

Se englobe textualmente como un epígrafe mais das posibles melloras:

Tipo de mellora a proñoer	Puntuación máxima posible da mellor oferta
Completar beirarrúa marxe dereito de saída de Ribadeo cara ao Voar, dende “Manfra” ó Xardín (fronte gasoleira)	10 puntos.

Para someter a consideración e aprobación, no seu caso, do Pleno da Corporación, solicitamos: que se englobe o devandito epígrafe no apartado mencionado”

Iniciase deliberación e por parte do Sr.Rivas Alvarez do Grupo Municipal de UPRI se manifesta que a parte de estar de acordo coas obras no seu conxunto xa dixeron na Xunta de Portavoces que lles gustaría que se ampliara a beirarrúa ata a gasoleira e que se se acepta a súa proposta con esa modificación o seu voto será favorable, e que as empresas que vaian facer as ofertas se lles dea xa ese indicativo que debería figurar no proxecto pero xa que non vai polo menos que haxa a mínima posibilidade de que poida facerse e polo tanto ese é o contido do seu voto particular.

O Sr.Alcalde pola súa parte contesta ao Sr.Rivas Alvarez que actualmente o proxecto xa contempla esa beirarrúa e que o bar xa non existe aínda que entende a que se refire e o proxecto xa o contempla ata o final dunhas casas pequeniñas.

Deliberase sobre o lugar concreto ata donde chega o proxecto, entre o Sr.Alcalde e o Sr.Rivas Alvarez e o Sr.Rivas Alvarez dí que polo tanto a súa petición é que se faga dende a casa de “Modesto do hórreo” ata a casa fronte á gasoleira, e que lle da igual o termo que se utilice, e que non quere dar lugar a ningunha interpretación, e que queren que se complete.

Intervén o Sr.López Pérez do Grupo Municipal Socialista que manifesta que non ten inconvincente en votar a favor do voto particular do Sr.Rivas Alvarez e que tamén lle gustaría saber porque no tramo de Piñeira ao Voar non se preven as beirarrúas na outra marxe e pregunta se na marxe dereita é pola cualificación do solo, se é porque é zona industrial ou porque motivo.

O Sr.Alcalde pola súa parte manifesta que todas as carencias que poida haber son porque o diñeiro non cegaba e alcanzaba ata donde alcanza e as propostas que se formularon inicialmente era moito mais e pasa a referirse a diversos aspectos que se contemplaban e inicialmente se estudiou a posibilidade de facelo polos dous lados pero houbo un momento en que os técnicos dixeron que non podía ser do mesmo xeito que se plantexaba facer polos dous lados ata a rotonda da Vilavella, que vai como mellora posible pero non vai no proxecto e varias cousas mais, e que a proposta do Arquitecto municipal foi facer so un lado e se fixo do lado en que hai un uso residencial e deixando o lado mais comercial porque ademais neste habería que facer moitos cortes na beirarrúa e enumera o Sr.Alcalde unha serie de entradas de establecementos.

O Sr.López Pérez pregunta se esto non está contemplado nas posibles melloras e o Sr.Alcalde manifesta que na Xunta de portavoces de onte xa se falou dunhas melloras concretas e doutras sen definir.

O Sr.López Pérez reitera que lle chama a atención que se fagan as beirarrúas so dun lado e que quede así esa zona, como membro da Corporación, que podía perfectamente meterse e que se adquira o compromiso de que se poida facer ese tramo e que hai casas e veciños que quedan sen atender e pide que se recolla en acta a súa proposta e que o portavoz votou a favor na Xunta de Portavoces e que agora votan a favor pero coa inclusión da enmenda do Sr.Rivas Alvarez.

O Sr. Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular, dí que o seu grupo se atopa absolutamente presionado “ en tono irónico” polo público do Pleno (en relación a un único veciño asistente á sesión) e que van votar a favor, e que tamén onte no seu grupo pensaron en relación aos pasos elevados de traer a 300 ou 400 veciños e se poña o paso elevado na zona de Eroski, pero non lles da tempo un día a outro (proseguindo a súa intervención en tono irónico), e que entón non insisten na cuestión dos pasos elevados e votan a favor como ten dito e aceptan o voto particular.

O Sr.Alcalde pregunta a todos os grupos se aceptan o voto particular ao que todos responden favorablemente e manifesta que tamén por parte do seu Grupo non existe ningún problema, pero que considera que o voto particular debese modificar porque non se axusta á realidade do proxecto.

Deliberase sobre o particular co Sr.Rivas Alvarez e a súa proposta de voto particular se concreta definitivamente na redacción seguinte:

“completar beirarrúa marxe dereita de saída de Ribadeo cara ao Voar dende a parte prevista no proxecto ata o Xardin fronte a gasoleneira”.

O Sr.Alcalde manifesta que “como están en familia” poden estar ata as 11 da noite creando engádegas á previsión inicial e que se lle ocorren tamén moitas mais pero que as melloras van ser limitadas e fai referencia a varias cuestións que se debatiron na Xunta de Portavoces.

O Sr.Rodríguez Andina ironiza de novo dicindo que incluírían todas as propostas que se mencionaron agás o paso elevado que propón o Grupo Municipal Popular e o Sr.Alcalde á súa vez se refire tamén ironicamente a facer varios pasos elevados e que todos poderían votar a favor de todo iso, e que as melloras por moito que sexan van ser limitadas e que o que consideran todos indispensable é que se faga a rotonda na zona do Instituto xa que non podería ser repercutida en ningún polígono urbanístico.

O Sr.Rodríguez Andina, en tono irónico, dí que pola súa parte retiran a petición de tres pasos elevados, e o Sr.Alcalde dí que o seu grupo que tivo unha relación mais directa co proxecto sabe que o arquitecto retirou moitas cuestións que podían terse feito e que hai tramos que non se tocan.

O Sr.Alcalde manifesta que como a él tamén lle gusta que conste en acta para que os historiadores dentro de 50 anos vexan que si un era pillo o outro era mais , e menciona que existía unha película que se chama “ entre pillos anda el juego”.

Pasado a votación voto particular do Sr.Rivas Alvarez que modifica a proposta formulada pola Alcaldía e a proposta de acordo da Xunta de Portavoces, así como a cláusula correspondente do Prego de condicións, polo Pleno Municipal, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

PRIMEIRO. Iniciar o procedemento de adxudicación do contrato de obras consistentes en mellora dos tramos urbanos da rede de estradas do Estado cuxa titularidade foi transferida ao Concello, aprobando o expediente de contratación mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación para a obra epigrafiada convocando a súa licitación.

Visto que con data 19 de xuño de 2008 asinouse un Convenio entre o Ministerio de Fomento e o Concello de Ribadeo para o financiamento do proxecto de obras de Mellora dos tramos urbanos da rede de estradas do Estado no termo municipal de Ribadeo e transferencia de titularidade dos mesmos, polo que se acetou a transferencia de titularidade dos seguintes tramos de estrada:

CN-634 pk. 553,630 ao pk. 555,386, con 1.756 ml.

CN-634 A. Do pk. 554,300 ao pk. 554.700, con 400 ml.

CN-634A Do pk. 561,446 ao pk.561,660 con 236 ml.

CN-642 A, Do pk. 8,237 ao pk. 10,500 con 2.263 ml.

Segundo o referido convenio para a reforma e adecuación da vía obxecto de cesión se comprometeu o Ministerio de Fomento ao financiamento da cantidade de 1.025.969,39 euros para a materialización de dito proxecto transferindo o importe do investimento ao Concello por obra executada e coas anualidades seguintes:

2009: 307.790,82 euros.

2010:718.178,57 euros.

A contratación efectuarase por procedemento aberto oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, propoñéndose melloras polos licitadores respecto ao principal da obra e a executar na mesma.

SEGUNDO. Que se aprrobe o correspondente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que ha de rexer o Contrato e o proceso de adxudicación, segundo a proposta da Alcaldía que se achega e coa integración do contido do voto particular do Grupo Municipal de UPRi co contido de:

“completar beirarrúa marxe dereita de saída de Ribadeo cara ao Voar dende a parte prevista no proxecto ata o Xardin fronte a gasoleira”, con dez puntos nas propostas de Melloras da cláusula 10ª do Prego.

TERCEIRO. Autorizar en contía de 1.025.969,39 euros o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo aos presupostos dos exercicios 2009 e 2010, conforme ao Convenio asinado co Ministerio de Fomento.

CUARTO. Que pola Sra. Interventora municipal se faga a retención de crédito, que acredite que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración deste contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

QUINTO. A publicación no BOP de Lugo e no perfil do contratante do anuncio de licitación, para que durante o prazo de 26 días poidan presentarse as proposicións que se estimen pertinentes.

SEXTO. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados, sen prexuíz de que sexa o Pleno Municipal quen acorde a adxudicación definitiva procedente do contrato.”

E non sendo outro o obxecto da sesión dase por rematada levántandose a mesma sendo as vinte horas e trinta minutos, estendéndose a presente acta, do que eu como Secretario certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,